


As Crónicas de Landereina. Bágoa de lúa, por Gabriel Ferreiro



O libro de **Sabela González** trata dun país onde todo era paz, pero un día cambiou. Un ser maligno subiu ao poder, o ser foi derrotado pero a ferramenta máxica que usou para conquistar Landereina seguía existindo. Séculos despois atópase repartida en anacos por todo Landereina tras un intento falido de destruíla. Agora as nosas heroínas, Güenaela e Berenguela, están pesquisando a localización de todos os anacos para poder destruír a posible ferramenta máxica más poderosa de todo o universo: a Pedra da Lúa.

As novelas de aventuras fantásticas deben ser moi animadas e cunha considerable ración de acción, pero esta por momentos se dedica a contarche máis detalles da historia dos necesarios, segundo o meu criterio, o que a fai ás veces un pouco lenta.

Sen embargo, **As crónicas de Landereina. Bágoa de lúa** gustoame moito. Basicamente pola característica de que, se comezas ao ler o libro e logo tes que retomalo, cun pouco de atención facilmente te enteiras absolutamente de todo do que pasou (evidentemente sempre hai detalles que están cando contan un suceso por primeira vez, pero á hora de escribir estas liñas non os teño en conta). Tamén me gustou a grande variedade de criaturas, personaxes, pobos, razas e culturas. É un libro moi bo.

Gabriel Ferreiro (un lector de 13 anos)

Lun 11 Novembro, 2013 | Etiquetas: [As Crónicas de Landereina](#)